

SERENDIPIA

Non sabería dicir se a néboa que tiña diante dos ollos era provocada pola evaporación da choiva tormentosa daquela noite profunda ou era o meu rancio ánimo que traía unha opresiva sensación de afogo, facendo que as miñas bágoas enchouparan o meu rostro máis que a chuvia mesma.

Só sei, que ante un xemido do meu peito, longo e lamentoso por querer afastar a miña desdita, escoitei como resposta, outro aínda máis infausto; un feble soncheo de mágoa. Foi nese intre cando esquecéndome de min mesma, busquei entre a vexetación fría, a fonte daquela chamada de auxilio...e atopeinaunha boliña sucia e mollada tremendo entre as follas con máis tristura nela que a miña propia tristura, se aquilo fose posible.

Collina nos brazos acubillándoa contra min paliando así o seu frío e o meu baleiro; nese intre souben que endexamais podería afastarme daquela cousiña chea de lodo, pero certamente branca e preciosa que me ollaba con refulxentes ollos da cor da mel e que me acompañaría toda a súa vida dándolle sentido á miña. Endexamais pensei que aquel encontro inesperado fose o fin da miña angustia e o principio dun amor recíproco e desinteresado.